

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. DAQUELA en castelán significa:

- A) Entonces.
- B) En aquel tiempo.
- C) De aquella.
- D) Todas son correctas.

2. Escolla a definición CORRECTA de AXÓUXERE:

- A) Salsa feita con allo e perexil.
- B) Arbusto de flor branca.
- C) Esfera oca, de metal ou doutro material, cunha pequena abertura que leva dentro unha ou varias boliñas e que, ao ser axitada, produce son.
- D) Baile rexional.

3. A expresión DE SEU:

- A) Resalta expresivamente o concepto de propiedade.
- B) É unha forma posesiva de primeira persoa.
- C) É unha forma posesiva de sexta persoa.
- D) Ningunha resposta é correcta.

4. Os monosílabos rematados en L forman o plural:

- A) Engadindo ES.
- B) Eliminando L e engadindo IS.
- C) Engadindo NS.
- D) Eliminando L e engadindo NS.

5. Escolla a definición CORRECTA de ENXOVAL:

- A) Asubío, pito.
- B) Cría do porco celta.
- C) Equipo de noiva.
- D) Canción galega.

6. Sinala a opción INCORRECTA:

- A) Póla (rama).
- B) Bola (obxecto en forma de esfera).
- C) Vén (el, verbo Vir).
- D) Té (infusión).

7. Escolla a definición CORRECTA de XURO:

- A) Promesa solemne na que se pon como testemuña unha persoa ou algo sagrado ou moi querido.
- B) Peixe azul.
- C) Líquido escuro.
- D) Diñeiro que produce un capital.

8. Os pronomes EL, ELA, ELES, ELAS:

- A) Contraen sempre con DE.
- B) Contraen sempre con EN.
- C) Son correctas as respostas a e b.
- D) Ningunha é certa.

9. Os pronomes posesivos requiren a presenza de artigo diante:

- A) Sempre.
- B) Non sempre.
- C) Nunca.
- D) É preceptivo cando o posesivo acompaña a nomes de parentesco.

10. En xeral, os interrogativos galegos:

- A) Levan acento gráfico nas frases interrogativas directas.
- B) Só se acentúan nas frases interrogativas indirectas.
- C) Non se acentúan nunca.
- D) Sempre levan acento gráfico.

Preguntas de reserva

1. Escolla a parella INCORRECTA:

- A) Can–cadela.
- B) Irmán–irmá.
- C) Artesán–artesa.
- D) Ferrolán–Ferrolana.

2. Sinala a opción INCORRECTA:

- A) O culler.
- B) O cuspe.
- C) A ponte.
- D) O poema.